

MISIÓN, VISIÓN E VALORES DE SOLIDARIEDADE GALEGA

Por acordo da Xunta Directiva, adoptado na súa reunión do 20 de decembro de 2013, revisáronse, aprobáronse e formuláronse os seguintes puntos:

Misión

Colaborar con outras organizacións intentando aliviar o sufrimento das persoas, economicamente desfavorecidas, achegando a atención sanitaria especializada aos colectivos necesitados, cooperar na formación de sanitarios/as dos países nos que desenvolvemos os nosos proxectos e colaborar naqueles outros ámbitos sociais relacionados coa loita contra a pobreza.

Visión

Intentar converter a nosa organización nun instrumento eficaz, na medida das nosas posibilidades, sendo punto de referencia da sociedade para levar a bo fin os proxectos que como voluntarios/as da cooperación e da axuda humanitaria, en colaboración coas contra partes, executamos anualmente.

Valores:

A solidariedade, a confianza na equipa de voluntarias/os, a honestidade, a interculturalidade, a transparencia e o bo goberno na xestión, a igualdade de xénero e a responsabilidade.